

ACTA**PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 8/2021****SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE XULLO DE 2021****ORDE DO DÍA**

- ÚNICO.-** Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura. Expte. 16980/411 (Rexistro Pleno 3020/1101).

ASISTENTES**POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
 Aguiar Castro Yolanda (T)
 Aneiros Pereira Jaime (T)
 Caride Estévez María José (P)
 Espinosa Mangana Elena (P)
 Fernández Pérez José Manuel (T)
 Gómez Díaz Gorka(T)
 Iglesias González Ana Laura (T)
 Lago Barreiro María del Carmen (T)
 López Font Carlos (P)
 Losada Alvarez Abel Fermín (T)
 Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
 Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
 Rivas González Ángel (T)
 Rodríguez Calviño Patricia (T)
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
 Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
 Silva Rego M^a Carmen (T)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)
 González Castillo Jesús Marco (T)
 López Román Patricia (T)
 Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
 Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

NON ASISTEN:

- Blanco Iglesias Eugenia Dolores, concelleira do grupo municipal socialista.
- Estévez Rodríguez Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal socialista.

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da



Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de xullo do ano dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretaria Xeral accidental do Pleno Dona Susana Gallardo Fariña, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión EXTRAORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data 20 de XULLO.

Está presente na Sala a Interventora adxunta, Olga Gómez Corbal.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar o asunto da orde do día.

ÚNICO. (126). APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE VIGO PARA A REORDENACIÓN DO ÁMBITO DO BARRIO DO CURA. EXPTE. 16980/411 (REXISTRO PLENO 2965/1101)

ANTECEDENTES: Con data 15 de xullo de 2021 a técnica de admón. xeral da oficina de Planeamento e Xestión co conforme do xerente de Urbanismo emite o seguinte informe:

I.- O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019). O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

II.- Mediante resolución do 31.10.2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou o informe ambiental estratéxico da presente modificación puntual, decidindo o seu non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (DOG do 26.11.2018, Expte. 2018AAE2243).

III.- Con data do 08.10.2019 o Pleno do Concello de Vigo, previo ditame favorable do Consello da XMU do 27.08.2019, e previa aprobación do proxecto pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar con data do 03.10.2019, acordou prestar aprobación inicial á “Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”, instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, e formulado pola entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SLU” que inclúe a documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 29 de marzo de 2019, co código de solicitude COD.SOL.: W333931-4086, e asinada dixitalmente con firma válida, polo Director do equipo redactor don Alfonso Carlos Penela Fernández con data do 27.03.2019 coas modificacións presentadas con data 11.09.2019.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 2 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV.- En cumprimento do acordado, procedeuse a apertura do preceptivo trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses, mediante senllos anuncios publicados no DOG núm.211 do 6 de novembro de 2019 e nun dos xornais de maior circulación da provincia "Atlántico Diario" do 1 de novembro de 2019. A dita documentación inicialmente aprobada xunto co resume executivo, incorporouse á web municipal, no Taboleiro de edictos desta XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo, para xeral coñecemento. Asemade practicáronse as notificacións individualizadas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente, consonte co disposto no artigo 60 da LSG en relación co artigo 83.5 do dito corpo legal, así como publicación de edicto no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado núm. 311, de data 27 de decembro de 2019, de acordo coa lexislación procedimental común.

Asemade, procedeuse a dar audiencia aos Concellos limítrofes, de conformidade coa LSG, non recibíndose contestación a solicitude de informe invocada.

V.- Segundo a Certificación expedida polo Secretario xeral da XMU con data do 05.03.2020, incorporada ao expediente de razón, rexistráronse un total de 42 escritos de alegacións que nel se relacionan.

VI.- Durante o presente trámite do procedemento, e de conformidade coa vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, foron recadados os informes sectoriais que deseguido se relacionan, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión, na presente Modificación puntual de planeamento:

- Administración do Estado. Ministerio de Defensa. Subdirección General de Patrimonio.
- Administración do Estado. Ministerio de Transportes. Dirección General de Aviación Civil.
- Administración do Estado. Ministerio para la Transición Ecológica. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.
- Administración do Estado. Ministerio para la Transición Ecológica. Dirección General de Política Energética y Minas.
- Administración do Estado. Ministerio de Asuntos Económicos. Dirección General de Telecomunicaciones.
- Administración do estado. Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda urbana.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Comisión Técnica de Accesibilidade. Non procede emitir informe. Improcedencia do informe.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio. Servizo de Planificación e Paisaxe.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Servizo de Prevención e Control.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Portos de Galicia.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección xeral de Patrimonio Natural.
- Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia.
- Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Axencia Galega de Infraestruturas.
- Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección xeral de Emerxencias e Interior.
- Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección xeral de Patrimonio Cultural.
- Deputación Provincial de Pontevedra.

VII.- Con data do 12.03.2020 o Xefe de urbanización e infraestruturas subscribe informe



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 3 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

técnico favorable, no que atinxe á adecuación das modificacións introducidas na documentación técnica relativas as infraestruturas de telecomunicacións.

VIII.- Logo de diferentes requirimentos, aos efectos da emenda na documentación presentada, con datas do 11.09.2020 e 24.09.2020, baixo os Cod. Web. Sol. W471764-119 e W477362-695, respectivamente, tivo entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo documentación refundida para a aprobación provisional, en soporte dixital (CD), na que se recollen as correccións/modificacións derivadas das alegacións achegadas durante o período de información pública, así como da incorporación das medidas recollidas nos anteditos informes sectoriais, asinada dixitalmente con firma válida nas mesmas datas polo arquitecto Director do proxecto D. Alfonso Carlos Penela Fernández; documentación toda ela á que presta conformidade a arquitecta municipal xefa do servizo de barrios históricos, en informe suscrito con data do 28.09.2020. Faise constar que o documento nomeado "Memoria" inserido con data do 24.09.2020 substitúe e anula ao anteriormente presentado con data do 11.09.2020, ao detectarse polo equipo redactor, a existencia de erros de carácter material, que non alteran o ordenado.

IX.- Os servizos técnico-xurídicos da XMU asinaron con datas do 28 e 29.09.2020, senllos informes comprensivos das alegacións achegadas, da calidade técnica e legalidade da ordenación proxectada, así como da integridade documental do expediente e das actuacións administrativas realizadas, e someteuse o expediente ao que correspóndese informar polo Secretario xeral do Pleno e polo Interventor xeral do Concello de Vigo; informes que foron emitidos con datas do 29.09.2020 e 02.10.2020, respectivamente, de carácter favorable, á aprobación provisional do presente instrumento de planeamento, no eido das súas respectivas competencias atribuídas.

X.- Así as cousas, con data do 15.10.2020 o Pleno do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da XMU de data 08.10.2020, acordou prestar aprobación provisional a dita Modificación Puntual do PXOU para a reordenación do Barrio do Cura, do seguinte xeito, "(.) PRIMEIRO: *Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 05.03.2020, de conformidade co informado polo equipo técnico redactor no documento "A.7. memoria de Participación Pública" integrante da Memoria xustificativa asinado con firmas válidas con datas do 11.09.2020 e 24.09.2020 polo arquitecto director do dito instrumento, D. Alfonso Carlos Penela Fernández, documentación conformada e validada pola arquitecta xefa do servizo de Barrios Históricos desta XMU no informe suscrito con data do 28.09.2020, e no sentido expresados nestes, supra transcritos nas alíneas precedentes. SEGUNDO: Prestar aprobación provisional á «Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, e redactado pola entidade "Barrio do Cura, SL", que inclúe a documentación presentada no Rexistro Xeral desta Xerencia municipal de urbanismo con datas do 11.09.2019 e 24.09.2020 baixo os Cod. Web de Sol.: W471764-119 e W477362-695, respectivamente, consistente en un exemplar en soporte dixital do documento da Modificación puntual para a súa aprobación provisional, asinada dixitalmente con firmas válidas polos arquitecto D. Alfonso Carlos Penela Fernández, nas mesmas datas. TERCEIRO: Someter a «Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, consonte co previsto no artigo 60.13 da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, que deberá ser emitido no prazo de tres meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería competente. Transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe recadado, se entenderá emitido con carácter favorable, podendo, continuarse coa*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 4 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tramitación do plan. CUARTO: Notificar individualmente o presente acordo aos alegantes o presente acordo, significándolle que é un acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 112 "in fine" da LPACAP.

XI.- En cumprimento do acordado, procedeuse a notificar debidamente o devandito acordo de aprobación provisional aos alegantes interesados no presente procedemento; Asemade, someteuse o expediente provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia, para o seu informe preceptivo, consonte co previsto no artigo 60.13 da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito e co resultado que deseguido se indica.

Tras senllos requirimentos efectuados polo dito órgano autonómico, con data do 08.06.2021, tiña entrada no Rexistro electrónico da XMU (doc. 210099918), informe previo á aprobación Definitiva da "Modificación Puntual do Plan Xeral do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura", de carácter FAVORABLE, asinado o 08.06.2021 pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e urbanismo da Xunta de Galicia.

Asemade, obra no expediente, e forma parte do mesmo, o informe favorable emitido pola Dirección xeral da Costa e do Mar, con data do 05.05.2021, de carácter favorable a aprobación definitiva da presente MP, de conformidade co disposto nos artigos 112 a) e 117.2 da lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

XII.- Deste xeito, con data do 30.06.2021 tiña entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD.SOL.: W572571-5583), impreso de solicitude formulado pola entidade "Barrio do Cura, SLU", ao que xunta a documentación necesaria para a aprobación definitiva da presente MP do PXOU/93 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura (1 cd, en formato editable e pdf) adaptado as normas técnicas de planeamento de Galicia, documentación elaborada polo equipo redactor con data xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto director dos traballos D. Alfonso Carlos Penela Fernández con data 29.06.2021, co contido que deseguido se indicará.

XIII.- Elevada a antedita documentación a arquitecta municipal xefa de barrios históricos, con data do 08.07.2021 emite informe técnico favorable á aprobación definitiva do presente instrumento de planeamento, do seguinte teor literal,

"(..) INFORME :

Coa data 30/06/2021, "BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U", presenta a Documentación da "Modificación puntual del Plan Xeral de Ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do cura", correspondiente a fase de tramitación de Aprobación Definitiva.

1- XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN_ OBXETIVOS_ INTERESE PÚBLICO

A presente Modificación puntual persigue recuperar a ordenación urbanística do Barrio do Cura que o PXOM DE 2008 e o Plan Especial de Reforma interior do "APR A-4-01 Barrio do Cura" establecía para esta peza da cidade e coa recuperación desta ordenación urbanística, a obtención das dotacións públicas e a implantación dos usos previstos e a renovación urbana e a regeneración do "Barrio del Cura".As razóns de interese público que determinaban aquela ordenación urbanística (PXOM 2008 e PERI 2014) son as mesmas que agora se persiguen nesta Modificación Puntual.

A principal razón de interese público, de acordo coa Documentación presentada, que xustifica a modificación puntual e a necesidade de facer fronte o proceso de deterioro e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 5 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

degradación do “Barrio do cura” que debido a seu avanzado estado, no permite esperar o tempo de elaboración e tramitación que require a aprobación e entrada en vigor dun novo instrumento de planeamento xeral que substitua o anulado PXOM 08.

Os equipamientos que coa ordenación proposta pretendese obter son:

- Espacios libres- tanto os de uso e titularidade pública como os correspondentes a cesions de uso público de superficie, que actuarán como elementos de cosido e articulación das tramas urbanas existentes, conectando desde o Berbes ata o Paseo de Alfonso XII mediante elevadores e unha sucesión de espazos de uso público.
- Dotación de infraestructuras- Apoiándose na nova trama urbana de vacíos, nos viales existentes e no novo viario formulado, pretendese dotar o ámbito dunhas infraestructuras adecuadas e acordos coas demandas existentes.
- Conexión Casco Vello- Torrecedeira- O novo vial que se propon resolverá unha necesidade histórica de conexión entre a R/ C. de Torrecedeira e o Casco Vello e Paseo de Alfonso XII.
- Dotación de aparcamentos públicos

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no art.83. Modificación de instrumentos de Planeamento urbanístico, di no seu punto 1: “Cualquier modificación de planeamiento urbanístico habrá de fundamentarse en razones de interés público debidamente xustificadas”

Esta ordenación que contempla a actualización das infraestructuras existentes e a inversión en novas dotacions e equipamientos transformará completamente o “Barrio do cura” e creará novos espazos atractivos para a cidadanía.

A Modificación puntual ten os seguintes obxetivos que xustifican asimismo o interese público de dita modificación:

- Completar a trama urbana rematando as partes inacabadas do tecido creado nos anos 60 procurando unha integración armónica coa estrutura da cidade histórica que garantice o respecto de seus valores paisaxísticos.
- Resolver a articulación e conexión do Casco Vello coa r/ Torrecedeira.
- Posibilitar a mellora da comunicación e a mobilidade transversal desta parte da cidade, e sobre todo entre o eixe Paseo de Alfonso XII- Pi y Margall e as zoas mais baixas do contorno da actuación, previndo a tal obxeto:
- * A conexión peatonal entre o Paseo de Alfonso XII e a zona de Ribeira así como entre as r/ Santa Marta e Poboadores facilitando a mobilidade vertical coa axuda de medios mecánicos.
- * A mellora da mobilidade rodada coa ampliación do viario de conexión entre o eixe Paseo de Alfonso XII- Pi y Margall e r/. de Torrecedeira (r/ Llorente y Sta Marta).
- Conformar un novo espacio urbano de centralidade ordeado arredor do espazo público.
- Dotar ó “Barrio do Cura” e a esta zona do centro da cidade de zonas verdes, espazos de relación e equipamentos.



- Incrementar a dotación nesta zona de plazas públicas de aparcamento, necesarias ademais para dar servizo os residentes do casco vello.

2- CATEGORIZACIÓN DO SOLO URBANO

O art 17 de la LSG reformula a categoría de solo urbano non consolidado, procurando ademais a súa conciliación co marco da lexislación básica estatal recollido no novo texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU) establecendo a tal efecto:

“Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías sen prexuízo do disposto para os plans especiais no artigo 71.2:

a) Solo urbano consolidado, integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico. Poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

b) Solo urbano non consolidado, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos que reúnan algunha das seguintes condicións:

1- Terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización.

2- Terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana.

3- Terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación, entendendo como tales aquelas nas que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade e cos novos usos asignados na ordenación urbanística, sen requirir a reforma ou renovación da urbanización.

Enténdese que ese aumento da edificabilidade ou cambio de uso requirirá o incremento das dotacións públicas cando comporte un aumento do aproveitamento superior ao 30% do existente”.

A Modificación Puntual recoñece o carácter de SUC dos terreos que conforman os frontes xa consolidados poa edificación nas r/ Paseo de Alfonso XII, Pi e Margall, Llorente, Santa Marta e Torrecedeira, de acordo co art 17-a da LSG teñen esa consideración porque polo seu grao de urbanización efectiva, poden adquirir dita condición mediante obras accesorias de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coa edificación.

A efectos da comprobación de que os aproveitamentos reais que resultan da aplicación directa das determinacións do planeamento sobre os mesmos non supoña un incremento de aproveitamento superior o 30% do existente. Se considera de forma diferenciada o SUC correspondente as R/ Paseo de Alfonso XII, Pi e Margall, Llorente, Santa Marta, que conforman o cuarteiró do Barrio do Cura, e o SUC que remata o cuarteirón conformado polas R/ Torrecedeira e Gaitero Portela.

No caso do cuarteirón do Barrio do Cura o incremento da edificabilidade que a MP comporta na súa relación coa asinada polo PEPRI Casco Vello supoñe un incremento do 28,26% do aproveitamento, existente, inferior o 30%. Polo tanto non esta nun suposto de actuación de dotación.

No caso do cuarteirón da r/ Torrecedeira e Gaitero Portela o incremento da edificabilidade e de 2.632m² a mesma do PEPRI, polo tanto tampoco se estaría neste caso nun suposto dunha actuación de dotación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 7 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHRR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo tanto, nos terreos considerados pola presente MP como solo urbano Consolidado concurren os supostos de feito legais para tal consideración de acordo co art. 17 de la LSG e sobre os mesmos se aplicara o réximen previsto para dita categoría de solo urbano na lexislación urbanística de aplicación.

O resto de solo urbano do ámbito da MP tendrá a consideración de non consolidado sometido a unha actuación de reforma interior (art 17.b.2- LSG) e conformará no seu conxunto unha unica area de reparto, denominada ARI-01 BARRIO DO CURA

Cesiones no solo urbano consolidado

No solo urbano consolidado plantexanse as seguintes cesions de solo para dotacions locais:

- zonas verdes e espazos libres- 77 m²
- Sup viario nueva creación/ ampliación existente- 925 m²
- Cesión de uso de superficie- 1.365 m²

3- SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

- Art 41 LSG- Limite de sustentabilidade

A Modificación puntual establece unha edificabilidade máxima para o ámbito de solo urbano non consolidado de 16.440 m² de teito edificable , de uso residencial, non excedendo do limite establecido pola LSG.(1,5 m²/m²).

- Art 42.2- Reservas de suelo para dotacións

a)-"Sistema de espazos libres públicos destinados a parque, xardíns, áreas de lecer, expansión e recreo da poboación: En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 18 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables e como mínimo o 10 % da superficie total do ámbito": A superficie de zonas verdes e espazos libres e de 3.284 m² (áreas de xogo 1519m², xardíns 1036 m², paseo peatonal 729m²), superficie maior que a esixida, tanto en proporción á superficie do ambito (1.204 m²) como en proporción a edificabilidade (2.959 m²). Cúmprense, nas distintas tipoloxías de zona verde indicadas, o carácter e as condicións sinaladas no artigo 70.3 do RLSG.

b)-"Sistema de equipamentos públicos destinados a prestación de servizos sanitarios, asistenciais, docentes, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios: En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 10 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables"

A superficie destinada a equipamentos públicos ordenada pola MP no ámbito de solo urbano non consolidado é de 1645 m², superior a esixida (1.644 m²).

c)- "Prazas de aparcadoiros de vehiculos: Unha praza de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como minimo, a cuarta parte debe ser de dominio público". A ordenación establecida por la MP contempla a previsión dun aparcamento público soterrao baixo o novo vial proxectado con capacidade para 300 prazas, previsión que supera a esixencia da LSG (41 prazas).

d)- "Para arborados: En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: a plantación ou conservación dunha arbore por cada 100 metros cadrados edificables" Prevése a plantación o conservación dun mínimo de 165 árbores de conformidade co esixido.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 8 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHRR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Modificación Puntual prevé unha reserva de solo para vivienda suxeita a algún réxime de protección pública del 30% da edificabilidade residencial do ámbito de SUNC,

De acuerdo con el apartado 2.4.3 de la Memoria:

“A Modificación Puntual deberá prever a reserva de solo para vivenda suxeita a algún rexime de protección pública segundo o establecido no artigo 42.9 LSG fixando, a tal efecto, na ordenación detallada os terreos necesarios para realizar a correspondente proporción da edificabilidade residencial prevista no solo urbano non consolidado”

No apartado de determinacións no solo urbano non consolidado, Art2.6.3.3 se indica:

“Tendo en conta que un 30% da edificabilidade residencial destínase a vivenda suxeita a algún réxime de protección”

4- TRAMITACIÓN

A Leí 2/2016 do Solo de Galicia no seu art 83 indica: “A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaráanse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación”.

“O Expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido a consellería competente en materia de urbanismo, que no prazo de tres meses emitirá informe preceptivo e vinculante respecto das cuestións da súa competencia. Cumpridos os tramites sinalados na alineas precedentes, o órgano municipal competente procederá á súa aprobación definitiva”.

5- DOCUMENTACIÓN

A Modificación Puntual, contén, no que lle resulta de aplicación en razón de seu obxeto e alcance, as determinacións de carácter xeral propias do planeamento Xeral establecidas polo art 52 LSG e concordantes do RLS determinacións que os art 53,54 e concordantes do RLS establecen como propias do planeamento Xeral no solo urbano consolidado e non consolidado. Ademais toda vez que a MP incorpora xa a ordenación detallada do SUNC, inclúe as determinacións correspondentes a os planes especiais de reforma interior, de acordo co establecido no art 72.2 LSG e 181.3 RLSG

Ditas determinacións as desenvolve a presente MP nos documentos que a integran, de conformidade co establecido nos art 131 e seguintes RLSG no que resultan de aplicación na razón do obxeto e alcance da MP, incluíndo a seguinte Documentación:

A. Memoria

- Memoria informativa
- Memoria descriptiva e xustificativa.
- Anexos a Memoria

A.1 Marco Normativo de referencia

A.2 Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección do paisaxe.

A.3- Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.

A.4 Servizos urbanos e infraestructuras. Estimación de demandas

A.5- Memoria de impacto de xenero.

A.6 Memoria de impacto normativo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 9 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A.7- Memoria de Participación pública.

A.8- Ficha de vixencia de Planeamento

B. Contido substantivo da Modificación puntual. Normativa

C. Estratexia de actuación, estudo económico financeiro e memoria de sostibilidade económica.

D. Cartografía

PI- Planos de Información

PO- Planos de Ordenación.

D- Planos de Ordenación detallada.

E. Catálogo

Fichas de Catálogo

F. Resumen ejecutivo de la MP

G. Anexos

Anexo1- Informe Ambiental Estratexico

- Documento Ambiental Estratexico- Planos

Anexo2- Relación de propietarios do ámbito

Anexo3- proposta de Convenio urbanístico de planeamento.

Anexo 4- Reportaxe fotográfico.

Anexo 5- Patrimonio Cultural

Anexo6- Paisaxe

Anexo 7- Zonificación acústica do ámbito da M.P.

Anexo 8- Estudio de asolamento.

Anexo9- Estudo Hidroxeolóxico do ámbito da M. P.

6- CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN

O Barrio do Cura e unha peza de especial singularidade no centro urbano de Vigo que se situa entre o Casco Vello e as tramas propias dos crecementsos urbanos dos anos sesenta a setenta cara o suroeste. Constitue unha unidade morfolóxica diferenciada que hoy en dia conforma un vacio urbano nun acelerado proceso de degradación no núcleo central da cidade; unha peza inacabada que supoñe unha discontinuidade formal e funcional entre o tecido da cidade histórica e os crecementsos da segunda metade do século pasado.

Coa ordenación deseñada no Plan Especial de Reforma interior do ámbito "APR- A-4-01 Barrio Cura" do PXOM de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02.06.2014, se alcanza, unha ordenación urbanística de consenso, que daba resposta as necesidades urbanísticas de este singular e complexo ámbito da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 10 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Este obxectivo de restablecemento da ordenación urbanística do PEPRI e necesario abordalo actuando sobre os instrumentos urbanísticos actualmente vixentes- PXOU 93 y PEPRI Casco Vello. A tal efecto cumple abordar a Modificación Puntual do PXOU 93 coa finalidade de incorporar as determinacions urbanísticas necesarias para recuperar, sen mais variacións no que se refiera a su ordenación que aquelas que resulten obrigadas polo marco legal en vigor actualmente.

A recuperación da ordenación prevista no PERI do Barrio do Cura a través da presente MP supoñe, a asunción dos criterios adoptados no PERI respecto da integración paisaxística, que constitue un de los eixes esenciais da ordenación proposta.

Os volúmenes edificados se ordenan de modo que quede garantizada a conservación das vistas desde o Paseo Alfonso XII, o que se le da continuidade nos novos espazos públicos que se pretende prolonguen o carácter de paseo/estancia-mirador sobre a Ria. A tal efecto, a altura máxima das edificacións situadas nas cotas baixas do ámbito (SUNC) non superarán a cota do Paseo Alfonso XII (cota 40,50) para así garantir a no interferencia sobre as vistas desde o mirador ni desde a nova praza, procurando, ademais, o tratamento da cuberta de ditas edificacións como unha quinta fachada.

Por outra parte, a recuperación da ordenación do PERI Barrio del Cura a través da presente MP leva a asunción dos criterios establecidos (también ao respecto de integración paisajista) pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nos seus Informes.

7- CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA EMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

De acordo coa Memoria da Modificación se incluíron as seguintes aclaracións e cambios no documento para dar cumprimento o Informe da dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

a) - Xustificación do cumprimento das condicións establecidas no IPAD

a-1- Adaptase a documentación da M:P: ao disposto no título III das Normas Técnicas de Planeamento de Galicia.

- O documento da Modificación puntual en soporte dixital non editable (PDF) esta asinado dixitalmente polo redactor do Plan, reservándose en todos os documentos que o conforman un espazo axeitado.

- Incorporase, como Anexo 8 da Memoria Xustificativa, a Ficha de vixencia de planeamento.

- Achéganse os datos xeográficos do documento en soporte vectorial xeorreferenciado.

- A documentación da Modificación puntual organizase coa estrutura e codificación de carpetas e arquivos recollida no Anexo 4 das NTPUG.

a-2- Completase a xustificación, en relación co disposto na LSG, da delimitación das áreas do solo urbano consolidado e non consolidados

- Tal xustificación está expresamente recollida cos apartados 2.4.2 “ Criterios respecto da categorización do solo urbano” e 2.7.11 “Cumprimento da LSG. Categorización do solo urbano” da Memoria Xustificativa.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 11 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

a-3- Modifícase a regulación das alturas máximas da edificación, nas ordenanzas BC-RO1 e BC-RO2 remitindo dita regulación as determinacións gráficas recollidas na propia normativa da Modificación puntual e nos planos da ordenación detallada.

a-4- Incorporase a documentación gráfica da ordenación detallada do ámbito un novo plano OD-08-01 ARBORADO. Coa indicación da ubicación concreta das reservas mínimas de arborado establecidas no art 42 da LSG.

b) - Respecto as consideracións recollidas no Informe da Dirección Xeral de Patrimonio cultural

b-1- Modifícase no sentido indicado pola DXPC a regulación contida no apartado 4 das “ Normas reguladoras de protección arqueolóxica” da Normativa da Modificación Puntual.

b-2- Incorporase no Catalogo da Modificación as Fichas X-084 e X-085 do “ Xacemento romano medieval do casco Vello” e “ Picacho / San Francisco” cuxos contornos de protección afectan o ámbito da M.P.

c)- En relación ao Informe emitido o 05.05.2021 pola Dirección Xeral da Costa e o Mar.

c-1-Modifícase a redacción do apartado 1.11 da Memoria Informativa relativo as afeccións sectoriais incorporando un epígrafe específico (1.11.13) relativo as afeccións derivadas da normativa sectorial en materia de Costas.

c-2- Modifícase o Anexo 1- MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA da Memoria Xustificativa da MP, no que se inclúe a referencia a Normativa de Costas.

c-3- Modifícase o Anexo3- “ Cumprimento da normativa sectorial aplicable” da memoria xustificativa da MP, na que se inclúe un carto apartado relativo co Cumprimento da normativa sectorial en materia de Costas e protección do litoral.

c-4- Modifícanse os Planos de Ordenación O-01-01 e O-01-02 Incluindo a delimitación da zona de influencia.

d) - En relación co Informe do 23.07.2020 da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Ordenación de Servizos de Comunicación Audiovisual

d-1- As consideracións requiridas foron xa incorporadas nos termos indicados no apartado 2.10.6 da Memoria do documento aprobado provisionalmente o 15.10.2020.

e) - En relación ao informe emitido o 23.10.2020 pola Dirección Xeral de Aviación Civil:

e-1- Modifícase a normativa da Modificación puntual coa incorporación dun novo artigo (2.2.89 relativo ás servidumes aeronáuticas, no que se deixa constancia expresa de que a totalidade do ámbito da mesma atópase dentro das zonas de servidumes Aeronáuticas correspondentes ao aeroporto de Vigo.

e-2- Modifícanse os planos de ordenación da Modificación puntual, aos que se incorpora unha lenda na que se deixa constancia expresa de que a totalidade do ámbito da mesma atópase dentro das servidumes Aeronáuticas correspondentes ao Aeroporto de Vigo, planos: O-01-01, O-01-02, OD-01-01.

8- MODIFICACIÓNS REALIZADAS SOBRE O DOCUMENTO

Na Documentación para a Aprobación Definitiva se inclúen as aclaracións e modificacións reseñadas anteriormente , dando cumprimento ás condicións establecidas no Informe



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 12 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

previo a aprobación definitiva, emitido o 08.06.2021 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

De acordo co art 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, ditas modificacións non significan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, polo tanto non se considera necesario un novo tramite de Información Pública.(...)”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica,
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- PEPRI do Casco Vello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007,DOG núm. 108 do 06.06.2007; BOP núm. 96 do 18.05.2007; A súa normativa foi integramente publicada no BOP núm. 96 do 18.05.2007.
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 13 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

II. Ámbito, Obxecto e natureza xurídica da presente Modificación puntual do vixente PXOU/93

Tramítase neste expediente a Modificación puntual do vixente PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do do Barrio do Cura, instrumento de planeamento de desenvolvemento non previsto no vixente PXOU-93, promovido por esta administración, e cuxo obxecto estriba principalmente, en recuperar a ordenación urbanística prevista no PERI APR A-4-01 para esta peza clave da cidade, coa obtención das dotacións públicas e a implantación dos usos previstos e a renovación e rexeneración urbana; abordando do mesmo xeito, o proceso de deterioro e degradación do dito ámbito, que por mor do seu estado avanzado, o que require desta intervención inmediata.

O presente ámbito nomeado “Barrio do Cura” conta cunha superficie de 23.693,00 m2, delimitado ao sur polo Paseo Alfonso XII e seguindo polas rúas Pi e Margall, Llorente, Santa Marta, Torrecedeira, Ricardo Portela e norde Poboadores, localizándose no linde oeste do do Casco Vello, tratándose dunha centralidade baleira, vulnerable e degradada que esixe desta Administración municipal unha actividade (ordenación urbanística) que posibilite a súa incorporación á trama urbana existente, e simultaneamente facer fronte ao proceso de deterioro e degradación que amosa o ámbito do “Barrio do Cura”, e que por mor do seu avanzado estado, se tramita o presente procedemento de modificación puntual que permitirá adiantar as actuacións necesarias para a súa renovación e rexeneración, a través da materialización das previsións de ordenación contidas no proxecto de modificación puntual do PXOU de 1993 e, en consecuencia, facer efectivo o dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada, e a cohesión social e a mellora da calidade de vida de todos os cidadáns, tanto nas vivendas e nos edificios, como nos espazos urbanos. Desta maneira, a través da presente modificación puntual preténdese un marco de razoable seguridade xurídica que permita executar no “Barrio do Cura” as dotacións públicas e equipamentos que se prevén nesta modificación puntual e a necesaria rehabilitación e renovación urbana de todo este ámbito da cidade de Vigo.

A Modificación puntual, tal e como indica a arquitecta municipal no antedito informe técnico de data 08.07.2021, que se incorpora e forma parte do presente expediente, e lle serve de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da LPACAP, ten como obxectivos pormenorizados os que seguen, e que asemade xustifican o interese público perseguido:

- Completar a trama urbana rematando as partes inacabadas do tecido creado nos anos 60 procurando unha integración harmónica coa estrutura da cidade histórica que garanta o respecto dos seus valores paisaxísticos
- Resolver a articulación e conexión do Casco Vello coa r/ Torrecedeira.
- Posibilitar a mellora da comunicación e a mobilidade transversal desta parte da cidade, e entre o eixe Paseo de Alfonso XII- Pi y Margall e as zoas mais baixas do contorno da actuación, previndo a tal obxecto:
 - * A conexión peonil entre o Paseo de Alfonso XII e a zona de Ribeira así como entre as r/ Santa Marta e Poboadores facilitando a mobilidade vertical coa axuda de medios mecánicos.
 - * A mellora da mobilidade rodada coa ampliación do viario de conexión entre o eixe Paseo de Alfonso XII- Pi y Margall e r/. de Torrecedeira(r/ Llorente e Sta Marta).
- Conformar un novo espazo urbano de centralidade ordenado ao carón do espazo público.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 14 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Dotar ó “Barrio do Cura” e a esta zona do centro da cidade de zonas verdes, espazos de relación e equipamentos.
- Incrementar a dotación nesta zona de prazas públicas de aparcamento, necesarias ademais para dar servizo os residentes do casco vello.

Asemade, fai constar que a razón de interese público que xustifica a presente MP, segundo o previsto no artigo 83.1 da LSG e no artigo 200.1 do seu Regulamento, acredítase polo interese de dotar a dito ámbito, actualmente degradado, dunha ordenación que posibilite a recuperación da ordenación urbanística, a obtención de dotacións públicas e a implantación dos usos previstos.

A documentación que neste intre, se somete a aprobación definitiva, presentada no rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 30.06.2021 (COD.SOL.: W572571-5583), pola entidade Barrio do Cura, SLU , inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, completando o seu corpo documental e incorporando, en esencia, as modificacións propostas como consecuencia do estudo dos informes sectoriais achegados ao expediente; en particular ao aludido no informe previo á aprobación definitiva, de carácter favorables, asinado pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia con data do 08.06.2021; así como ás observacións e/ou consideracións reflectidas nos seguintes informes sectoriais: Informe da Dirección Xeral da Costa e do Mar do 05.05.2021, Informe da Dirección xeral de Telecomunicacións e Ordenación de servizos de comunicación audiovisual de data 23.07.2020, e informe da Dirección xeral de aviación civil do 23.10.2020.

Consonte ao disposto nos artigos 84.1 da LSG e 201.1 do RLSG, o instrumento que nos ocupa ten natureza de disposición de carácter xeral.

O dito instrumento de planeamento de desenvolvemento, na súa versión para aprobación definitiva, confórmase polos seguintes documentos:

A. Memoria

- Memoria informativa
- Memoria descriptiva e xustificativa.
- Anexos a Memoria

A.1 Marco Normativo de referencia

A.2 Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección do paisaxe.

A.3 Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.

A.4 Servizos urbanos e infraestruturas. Estimación de demandas

A.5 Memoria de impacto de xenero.

A.6 Memoria de impacto normativo

A.7 Memoria de Participación pública.

A.8 Ficha de vixencia de Planeamento

B. Contido substantivo da Modificación puntual. Normativa

C. Estratexia de actuación, estudo económico financeiro e memoria de sostibilidade económica.

D. Cartografía

PI- Planos de Información

PO- Planos de Ordenación.

D- Planos de Ordenación detallada.

E. Catálogo

Fichas de Catálogo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 15 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHRR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

F. Resumen executivo da MP

G. Anexos

- Anexo1- Informe Ambiental Estratéxico
- Documento Ambiental Estratéxico- Planos
- Anexo2- Relación de propietarios do ámbito
- Anexo3- proposta de Convenio urbanístico de planeamento.
- Anexo 4- Reportaxe fotográfico.
- Anexo 5- Patrimonio Cultural
- Anexo6- Paisaxe
- Anexo 7- Zonificación acústica do ámbito da M.P.
- Anexo 8- Estudio de asolamento.
- Anexo9- Estudo Hidroxeolóxico do ámbito da M. P.

III. Xuizamento dos informes sectoriais recadados ao presente expediente

Obran no expediente, tal e como se ten indicado nas alíneas precedentes, os seguintes informes sectoriais, peticionados no seu correspondente "iter" procedimental, de carácter favorable a ordenación proposta, ou de non incidencia desta MP no eido das súas competencias sectoriais atribuídas:

- Administración do Estado. Ministerio de Defensa. Subdirección General de Patrimonio.
- Administración do Estado. Ministerio de Transportes. Dirección General de Aviación Civil.
- Administración do Estado. Ministerio para la Transición Ecológica. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.
- Administración do Estado. Ministerio para la Transición Ecológica. Dirección General de Política Energética y Minas.
- Administración do Estado. Ministerio de Asuntos Económicos. Dirección General de Telecomunicaciones.
- Administración do Estado. Ministerio para la Transición Ecológica. Dirección General de Costas y el Mar.
- Administración do Estado. Ministerio de Transportes, movilidad y agenda urbana,
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Comisión Técnica de Accesibilidade. non procede emitir informe. Improcedencia do informe.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio. Servizo de Planificación e Paisaxe.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Servizo de Prevención e Control.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Portos de Galicia.
- Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección xeral de Patrimonio Natural.
- Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia.
- Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Axencia Galega de Infraestruturas.
- Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección xeral de Emerxencias e Interior.
- Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección xeral de Patrimonio Cultural.
- Deputación Provincial de Pontevedra.
- Xunta de Galicia. Informe previo vinculante á aprobación definitiva, de carácter favorable, emitido con data do 08.06.2021 pola Directora xeral de ordenación do Territorio e urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 16 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de Galicia.

Todas as consideracións aludidas nos referidos informes sectoriais, así como no informe previo a aprobación provisional, de carácter favorable, emitido pola Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co previsto nos artigos 60,13, 60.15 e 61 da Lei do solo de Galicia, 2/2016, do 10 de febreiro, foron consideradas e incorporadas a documentación técnica elaborada e subscrita polo equipo redactor con data xuño de 2021, e a que neste intre se somete a aprobación definitiva, e así o fai constar expresamente con limiar precisión, a arquitecta municipal de Barrios Históricos no antedito informe técnico asinado con data do 08.07.2021.

IV. Tramitación restante

As modificacións de calquera dos elementos dos plans suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, tal e como pauta, a este respecto o artigo 83.5 da LSG; No suposto que nos ocupa de Modificación do Plan xeral o procedemento de aprobación seguira o previsto no artigo 60 da LSG.

A presente «Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura formulase polo Concello de Vigo ao amparo do previsto no artigo 83 da LSG e 200 do seu Regulamento de desenvolvemento, poren a súa tramitación e aprobación axustouse as regras establecidas no artigo 60 da LSG, do xeito e co resultado, que se indicou, polo miúdo, no corpo da presente;

Xa que logo, procede neste intre, propor ao órgano municipal competente, a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

O dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

A aprobación definitiva do instrumento pon fin, en todo caso, á suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas que tivera lugar con fundamento no artigo 47 da LSG e 86 do RLSG.

V. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, por maioría absoluta dos membros da corporación (artigo 123.1.i) e 123.2 LRBR), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU(AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBR) e 47 e ss. ROP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 17 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU- Secretario xeral do Pleno e polo Interventor municipal, propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO...”

Con data 16/07/21 o Secretario Xeral do Pleno emite nota de conformidade ao informe proposta da Técnica Xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Na mesma data, o 16/07/21, o Interventor Xeral emite informe:

“Tendo en conta que o expediente examinado incorpora un informe ou memoria de sustentabilidade económica co contido establecido no artigo 12.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, que conclúe que a urbanización do sector é sostible, en atención aos informes xurídicos e técnicos obrantes no expediente, esta intervención entende que procede continuar coa tramitación do expediente xa que a actuación pode resultar sostible dende unha perspectiva orzamentaria para o Concello de Vigo.”

En data o 20/07/21 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria, ditaminou favorablemente a proposta de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN. Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais catro membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, dous votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa e unha abstención do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO: Prestar aprobación definitiva a «Modificación puntual do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (COD.SOL.: W572571-5583), na súa versión definitiva, e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Carlos Penela Fernández con data 29.06.2021.

SEGUNDO: Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento.

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 18 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/_ e no Portal de Transparencia.

CUARTO: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

QUINTO: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno Extraordinario Xullo
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Viernes, 23 de Julio de 2021 09:05:02
Fecha Fin : Viernes, 23 de Julio de 2021 09:56:22
Duración : 00:51:20

- HTML -----
https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3094&lang=es

- Media -----

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9, 686 MiB (Video)
Url -
SHA512 - de24106b7aa79b29980d3eeeba2100bbcd285d610f9d3555ffbd68480ce2bce6df7726b472e1ff7a8445b6ad8a94052812cf82af2b7e2ab953d72d0fc859ab64

- Minutaje -----

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Meiriño, Alicia; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Aneiros Pereira, Jaime; Rodríguez Calviño, Patricia; Gómez Díaz, Gorka; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María;
00:00:37 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 12:28

Páxina 19 de 20

Expediente 3091/1101

CSV: 2E82AB-A1C1BH-ACD246-RGHR9-E5CLZB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

00:01:19 : Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura. Expte. 16980/411 (Rexistro Pleno 3020/1101)

00:02:01 - Caride Estévez, María José
 00:12:12 - Caballero Álvarez, Abel
 00:12:22 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:16:27 - Caballero Álvarez, Abel
 00:16:33 - Pérez Correa, Rubén
 00:26:30 - Caballero Álvarez, Abel
 00:26:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:36:43 - Caballero Álvarez, Abel
 00:36:52 - Caride Estévez, María José
 00:43:05 - Caballero Álvarez, Abel
 00:50:10 - Votación [9:54:44]
 00:51:20 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e a secretaria xeral accidental do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 8/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.

sc

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

A SECRETARIA XERAL ACCTAL,

Susana Gallardo Fariña

